

ACTA Nº 39/09

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 7 DE SETEMBRO DE 2009

Asistentes:

CONCELLEIROS:

D. Arturo González Pérez.
D. Valentín Piñeiro González
D.^a Libertad Cruz Couso.
D. Daniel Rodas Chapela

Escusa a súa inasistencia D. Víctor Manuel Pastoriza Lino.

Secretario accidental: D. José Rodríguez Veloso.

Na Casa do Concello de Moaña, o 7 de setembro de 2009, reúnense as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:05 horas.

1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local número 38/09, do 31/08/09 e a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar dita acta.

2- PROPOSTAS DE GASTOS

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o presuposto das obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vista a proposta de gasto que se detalla a continuación,

DEPARTAMENTO	CONCEPTO	PROVEDOR	PARTIDA	IMPORTE
SERVIZOS	Rexillas ventanais exteriores praza de abastos e colocación..	Almacén cristalería Moaña, s.l..	4421-21200 RC 1311	1.280,06 €
ALCALDÍA	Placa conmemorativa	Dock Fundación	4520-22601 RC 1310	1.600,80 €

	inauguración campo de fútbol do Casal	Artística		
--	---------------------------------------	-----------	--	--

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2009 acreditado pola retención de crédito para gastos que se efectúan na partida mencionada,

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta de gasto, autorizando e comprometendo o gasto tal e como se reflicte na táboa.

3.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA *MELLORA DE MOBILIARIO URBANO E ILUMINACIÓN DA ZONA PEONIL-COMERCIAL DA RÚA DANIEL CASTELAO.*

Examinado o expediente para a contratación por PROCEDIMIENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE, tramitación urxente, iniciado por providencia da Alcaldía de data 1 de setembro de 2009 da obra “MELLORA DE MOBILIARIO URBANO E ILUMINACIÓN DA ZONA PEONIL-COMERCIAL DA RÚA DANIEL CASTELAO”, redactado polo arquitecto D. Juan Fernández Rivas e aprobado por acordo da Xunta de Goberno de data 31 de agosto de 2009 e cun orzamento de execución por contrata que ascende a CENTO OITENTA MIL EUROS CON UN CÉNTIMO (180.000,01 euros),

Visto o Prego de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación por concurso por procedemento negociado sen publicidade da obra e visto, tamén, o cadro de características do Contrato,

Solicitados os informes da Secretaría e da Intervención municipal,

A Xunta de Goberno, por unanimidade das persoas asistentes, ACORDA:

PRIMEIRO: Aprobar o expediente de contratación por procedemento negociado sen publicidade, tramitación urxente, da obra “MELLORA DE MOBILIARIO URBANO E ILUMINACIÓN DA ZONA PEONIL-COMERCIAL DA RÚA DANIEL CASTELAO”, redactado polo arquitecto D. Juan Fernández Rivas e aprobado por acordo da Xunta de Goberno de data 31 de agosto de 2009 e cun orzamento de execución por contrata que ascende a CENTO OITENTA MIL EUROS CON UN CÉNTIMO (180.000,01 euros), ive incluído.

SEGUNDO.- Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares que rexerán a contratación desta obra, mediante concurso por procedemento negociado sen publicidade.

TERCEIRO.- Remitir as invitacións para participar na licitación, ás seguintes tres empresas capacitadas para realizar o obxecto do contrato:

- PLYGEPE, S.L. PLANIFICACIÓN, CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS

r/ 1ª Travesía Couto Piñeiro, 6 – baixo, 36204 Vigo

- COVSA, S.A

r/ Herminia Fariña Cobián, baixo. 36003 Pontevedra

- XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS

r/ Isaac Peral, 12 – entrechán. 36201 Vigo

CUARTO.- Autorizar o gasto con cargo á partida 5110-61124, 180.000,01 euros con cargo ao orzamento municipal do ano 2009.

QUINTO.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación.

SEXTO.- Nomear ao concelleiro de Urbanismo, D. Valentín Piñeiro González responsable do contrato.”

4.- ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA: CORRECCIÓN DE ERROS

O día 27 de xullo de 2009 aprobouse a convocatoria de 14 prazas de novo ingreso na materia de iniciación musical para alumnos de 4 a 7 anos e de 4 prazas en formación instrumental na especialidade de clarinete, frauta e piano para alumnos de 8 anos en diante para o curso 2009-10. Tamén se aproba a convocatoria para a formalización das solicitudes de admisión para entrar en lista de espera na iniciación musical e na formación instrumental, segundo se recolle no informe do Director da EMM.

O director da Escola Municipal de Música advertiu erros no informe que remitiu para á aprobación pola Xunta de Goberno, así na formalización das solicitudes de admisión para 14 prazas de iniciación musical (alumnos de 4 a 7 anos), onde di

CADRO DE IDADES, PRAZAS E HORARIO

NADO NO ANO	Nº PRAZAS	HORARIO AULA SEMANAL
2005	4	Luns: 17,30-18,30 h. (1 hora semanal)
2004	4	Xoves, 17,30-18,30 h. (1 hora semanal)
2003	3	Martes: 18,30-19,30 h. (2 horas semanais)
2002	3	Venres: 17,30-18,30 h.

Debe dicir:

CADRO DE IDADES, PRAZAS E HORARIO

NADO NO ANO	Nº PRAZAS	HORARIO AULA SEMANAL
2005	4	Luns: 17,30-18,30 h. (1 hora semanal)
2004	4	Luns: 17,30-18,30 h. (1 hora semanal)

2003	3	Xoves, 17,30-18,30 h. (1 hora semanal)
2002	3	Martes: 18,30-19,30 h. (2 horas semanais) Venres: 17,30-18,30 h.

Nas indicacións para a **formalización de solicitudes de admisión para formación instrumental**, indícase, no procedemento, que o **impreso de preinscripción** estará ao seu disposición o día 10 de setembro no servizo de Información do Concello, cando **debería dicir dende o día 7 de setembro**.

Propónse a súa corrección.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, aproba que se proceda á corrección dos erros advertidos.

5.- MOBILIDADE

D.^a Raquel Marrero González, por escrito do 26 de agosto deste ano, expón que solicitou un vado con nº de placa 204 e quere dalo de baixa, no Oral e no Concello.

Vista a proposta da concelleira de Mobilidade para a baixa solicitada e a súa posterior comunicación á Oral,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda dar de baixa o vado con nº de placa 204 e trasladarlle a notificación deste acordo á ORAL.

6.- RECLAMACIÓN PATRIMONIAL

D. Manuel Solla Pequeño, por escrito do 17 de agosto de 2009, expón que achega orzamento –para que se lle abone- dos desperfectos sufridos no seu coche no aparcamento da praza producidos polas vallas arrastradas polo vento; indica que ten testemuñas do feito, por se fixeran falta.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda denegar o solicitado por D. Manuel Solla Pequeño, xa que ademais de non describir os feitos –día, hora, concreción do lugar exacto, titularidade das vallas- non consta informe da Policía Local.

7.- SERVIZO DE AUGAS AQUALIA: CONEXIÓNS AUGAS E SANEAMENTO

Á vista da solicitude presentada, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a que se relacionan a continuación.

	Servizo	Lugar	Taxas aboadas	Informe favorable
--	---------	-------	---------------	-------------------

JUAN CARLOS NOGUEIRA CALVAR	Saneamento, uso comercial	A Serval 211 A	Saneamento..... 180 €	Aqualia
-----------------------------------	------------------------------	----------------	-----------------------	---------

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, ás 18:45 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario accidental, DOU FE.